

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP MANUEL VIDAL PORTELA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

A/ IDENTIFICACIÓN E CONTEXTO DO CENTRO

- O CENTRO
- ENTORNO XEOGRÁFICO
- CONDICIÓNS LINGÜÍSTICAS

B/ CARÁCTER PROPIO

- TRAZOS BÁSICOS DA IDENTIDADE DO CENTRO:
 1. PRINCIPIOS INSTITUCIONAIS
 2. LIÑA METODOLÓXICA
 3. EXPERIENCIA DE APRENDIZAXE
 4. AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE
- LINGUAS DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE
- UNHA COMUNIDADE EDUCADORA
- AUTOAVALIACIÓN
- OPCIÓNS PEDAGÓXICAS E DE ORGANIZACIÓN:
 1. ORGANIZACIÓN ESCOLAR
 2. ACCIÓN TITORIAL E ORIENTADORA
 3. ACCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA E EXTRAESCOLAR

C/ FINALIDADES EDUCATIVAS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- ÁMBITO PEDAGÓXICO
 1. RELATIVOS ÓS CONCEPTOS
 2. RELATIVOS ÓS PROCEDEMENTOS
 3. RELATIVOS ÁS ACTITUDES E VALORES
 4. RELATIVOS Á OPCIÓN METODOLÓXICA
- ÁMBITO INSTITUCIONAL
 1. DE PROXECCIÓN INTERNA
 2. DE PROXECCIÓN EXTERNA
 3. DE ORGANIZACIÓN E CONVIVENCIA
 4. DE FORMACIÓN PERMANENTE

D/ ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

- ÓRGANOS UNIPERSOAIS
- ÓRGANOS COLEXIADOS
- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS
- ORGANIGRAMA ESCOLAR DO CENTRO

EPÍLOGO

INTRODUCCIÓN

A comunidade educativa do CEIP VIDAL PORTELA, dentro do marco da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía para Galicia, respectando as declaracións promulgadas pola ONU e conforme os preceptos legais que rexen o actual proceso educativo, presenta este documento co obxecto de dar coherencia á actividade docente e propiciar no Colexio unha actitude unificadora e de coordinación, o que permitirá acadar un mellor funcionamento. Tamén se busca favorecer a reflexión sobre a identidade e finalidade do propio centro.

O documento estrutúrase en catro apartados:

A/ IDENTIFICACIÓN E CONTEXTO DO CENTRO: Determinará a identidade e asentamento físico do Colexio, marcando tamén a súa dependencia administrativa, así coma aqueles elementos do entorno cos que interactúa.

B/ CARÁCTER PROPIO: Refléctense aquí os trazos que permiten identificar a institución como realidade educativa organizada, cos seus principios e características básicas e o tipo de educación que propugna.

C/ FINALIDADES EDUCATIVAS: Recolle a formulación dos obxectivos xerais que marcarán as pautas de vertebración entre os diferentes niveis de concreción (P.X.A. e programación de aula) e guiarán a actividade do Colexio. Exponse o que se quere acadar intelectual, persoal e socialmente en colaboración con toda a comunidade educativa.

D/ ESTRUCTURA ORGANIZATIVA: Refire e define os elementos orgánicos e funcionais cos que se pretende acadar os obxectivos recollidos no punto anterior.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

Declaración Universal dos Dereitos Humanos. ONU, 10 de decembro de 1948.

Declaración dos Dereitos do Neno. ONU, 10 de novembro de 1959.

Constitución Española de 1978. Estatuto de Autonomía para Galicia

R.D. 2376/1985. Regulamento de Órganos de goberno.

O.M. de 9 de xuño de 1989. Regulación da organización e funcionamento dos centros docentes. (BOE do 13 de xuño de 1989).

Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14 de xullo de 1983).

Decretos 247/95 do 14 de setembro e 66/97 do 21 de marzo que desenvolven a Lei 3/1983.

LOE, publicada no BOE nº106 do xoves 4 de maio de 2006.

A/ IDENTIFICACIÓN E CONTEXTO DO CENTRO

• CENTRO

O CEIP VIDAL PORTELA, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e adscrito ó IES de Xunqueira, imparte as ensinanzas correspondentes a Educación Infantil e Primaria. Está catalogado con 18 unidades, 6 para Infantil e 12 para Educación Primaria, dispoñendo de aula de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe e de departamento de orientación.

O catálogo oficial de profesores, ata un total de 29 postos de traballo, distribúese do seguinte xeito:

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	DIRECT.	TOTAL
8	11	2	1	1	2	1	1	1	1	29

O seu alumnado procede na práctica totalidade da cidade de Pontevedra, o que, por residir nas proximidades do Colexio, acude a pé ó centro. Non temos transporte escolar.

• ENTORNO XEOGRÁFICO

Pontevedra é unha cidade situada no estuario do río Lérez. Foi fundada, se facemos caso é lenda, por Teucro, un grego homérico, perdido polos mares despois da caída de Troya.

Pero foi no século XII cando a cidade sería citada por primeira vez co nome latino: Pontus Viteri, en alusión a unha ponte que se construíu na beira sur

A paisaxe que circunda a cidade - a ría, o cauce do río e a montaña- é realmente paradisíaco. Pontevedra aparece ó fondo da ría que leva o seu nome, posúe unha grande riqueza arquitectónica, sobre todo no seu casco vello.

A cidade de Pontevedra conta cunha poboación cercana ós 80.000 habitantes. O seu centro histórico é un dos maiores e mellor conservados de Galicia e desde 1951 conta coa consideración de conxunto histórico-artístico.

As súas dimensións fana idónea para que a cidadanía goce dela. A isto hai que engadi-las facilidades que se lle dan ó visitante para que a percorra a pé, gracias ós proxectos de peatonalización que se están a levar a cabo.

Un especial protagonismo ocupao o río Lérez, que aparece coma un elemento importantísimo que enriquece a paisaxe da cidade. O seu entorno estase a recuperar, posto que hoxe en día constitúe un importante lugar de esparcemento para o cidadán e pista de entrenamiento para os futuros campións en piraguismo e remo.

O C.E.I.P. MANUEL VIDAL PORTELA é un centro situado á beira do Río Lérez, nunha zona que está en fase de expansión. Na súa zona de influencia está proxectada unha gran urbanización no que eran os terreos de Tafisa, cunha importante dotación en equipamentos: destaca a futura facultade de Belas Artes.

Comunícase coa outra banda do río por medio de dúas pontes (a Ponte de Santiago e a dos Tirantes) onde se atopan o Campus Universitario, tres I.E.S., dous centros de primaria, o pavillón de deportes, o campo de fútbol de Pasarón, o Pazo de Congresos e Exposicións, e o moderno Auditorio Municipal.

• **CONDICIÓN LINGÜÍSTICAS**

O contexto lingüístico é maioritariamente castelán. O galego, segundo se desprende de sondaxes realizadas polo centro, vén sendo unha lingua de uso escaso nas familias polo que o traballo do centro en prol da Normalización Lingüística vai ser fundamental para recuperar o uso e coñecemento do galego.

B/ CARÁCTER PROPIO

• **TRAZOS BÁSICOS DA IDENTIDADE DO CENTRO:**

É ben sabido que a escola pública xa vén caracterizada por unha serie de principios básicos, marcados por esa mesma condición de pública, polo que o CEIP VIDAL PORTELA, adopta

a condición de laico e igualitario, ademais de asumir as opcións educativas que se refiren no artigo dous da LOE, (fines da educación).

Na medida das súas posibilidades e do esforzo conxunto, este CEIP propónse impartir unha educación de calidade co obxecto de axudar a conseguir o éxito académico do seu alumnado dentro dunha formación integral, atendendo por igual tódalas dimensións da personalidade do neno. Para elo deseñaranse estratexias educativas e formativas que superen unha ensinanza puramente memorística, de comprensión pasiva ou de mera aplicación rutineira. Buscarase espertar no alumnado a capacidade de pensar e de relacionar, de integrar axeitada e persoalmente as aprendizaxes, así coma a súa propia responsabilidade e interese polo estudio; farase a partir dunhas clases dinámicas e motivadoras, e a través, así mesmo, do apoio da acción titora e do complemento dunhas actividades extraescolares axeitadas.

Con tal fin ofrécese neste apartado unha reflexión explícita sobre os principios, as opcións e as finalidades que asume a comunidade educativa deste centro.

1/ PRINCIPIOS INSTITUCIONAIS

O CEIP VIDAL PORTELA ten como fin educar a nenos e nenas dos niveis de Educación Infantil e Primaria. Correspóndense estes con momentos decisivos na vida da persoa, sendo etapas de desenvolvemento e de encontros: entre os tres e os doce anos médrase no físico, no intelectual e no afectivo; un descóbrese a si mesmo e encóntrase cos demais, tamén vai descubrindo o seu entorno, pregunta e precisa atopar respostas, melloramos en autonomía e responsabilidade. Por conseguinte nesta fase da vida danse procesos tan importantes coma:

1. A construción da persoa que vai ser no futuro.
2. A adquisición da confianza e seguridade necesarias para a vida.
3. Apréndense os conceptos e coñecementos básicos para estudos posteriores.
4. Comezase a compartir xogos colectivos respectando as súas normas.
5. Téñense infinitas posibilidades de aprendizaxe.
6. O interese por coñecer o que nos rodea é enorme.
7. Adquírense hábitos imprescindibles de convivencia.
8. Empézanse a descubrir as posibilidades na comunicación e relación co medio e cos demais.

Polo tanto o CEIP VIDAL PORTELA, tendo en conta o momento evolutivo do seu alumnado, considerado coma unha fase fundamental no desenvolvemento do individuo, marcará a súa liña formativa partindo dos seguintes principios:

1.- Nas primeiras etapas do ensino os nenos e nenas aprenden a ser:

- . Sentíndose parte dun grupo.
- . Desenvolvendo estratexias para o mellor coñecemento dun mesmo.
- . Asumindo que hai unha tarefa que facer.
- . Descubrindo que se precisa dos demais para crecer.
- . Compartindo opinións, diversións e gustos.
- . Medrando en autonomía e responsabilidade.
- . Converténdose en protagonistas dun longo proceso de aprendizaxe.

2.- Poden e deben aprender a valorar o propio entorno:

- . Coñecendo todo o que a natureza pon ó alcance dun.
- . Respectando os costumes e modos de vida dos pobos diferentes ó noso.
- . Manifestando rexeitamento polas desigualdades sociais.
- . Buscando puntos de encontro que nos acheguen.
- . Loitando pola mellor calidade de vida de tódalas persoas da terra.

3.- Poden e deben aprender a convivir:

- . Compartindo coñecementos.
- . Aceptando diferencias.
- . Superando dificultades.
- . Valorando puntos de vista diferentes ó de un mesmo.
- . Fomentando o traballo en equipo.
- . Respectando as normas de convivencia no grupo.
- . Buscando e compartindo solucións.
- . Intercambiando opinións e experiencias.
- . Desenvolvendo actitudes solidarias.

Estes principios correspóndense con valores transcendentais para a formación da persoa, polo que a partir de tales principios podemos planificarnos obxectivos que propicien a educación en valores, o que supón facer unha aposta firme e decidida por unha educación integral; e isto implica orientar, para que quen aprende sexa capaz de poñer o seu apunte persoal nas diferentes facetas da súa vida; e sobre todo, medrar e actuar de acordo con estes mesmos valores, porque o que realmente aprendemos ó longo da vida é o que vivimos. Os valores que o Colexio selecciona como punto de arranque e fío conductor da educación integral son os seguintes:

1º AUTOESTIMA:

É a capacidade de amarse a si mesmo e aceptarse un tal como é.

Nos primeiros anos de vida é moi importante sentar as bases que capacitarán ós nenos e nenas para que medren coñecéndose, gustándose, aceptándose e sentíndose comprendidos. Por esta razón é moi importante crear nas aulas un clima de seguridade afectiva, para que os nenos e nenas se sintan queridos e integrados. Para isto propóranse actividades encamiñadas a reforzar a autoestima dos alumnos desenvolvendo a súa autonomía, exteriorizando os seus sentimentos e controlando as súas emocións para aprender a traballar con gusto.

2º TOLERANCIA:

Tódalas persoas merecen ser respectadas. Cando respectamos ás persoas, estamos recoñecendo os seus dereitos e a súa dignidade. O respecto e a tolerancia son valores clave para lograr unha convivencia pacífica nun mundo multicultural.

Os nosos alumnos teñen na escola as súas primeiras oportunidades para abrirse ós demais e ir entendendo que deben tratar ós seus compañeiros como lles gustaría a eles ser tratados. Tamén teñen a oportunidade de comezar a tomar as súas propias decisións, sempre dende a liberdade e o respecto.

A comunidade educativa deste Colexio favorecerá o exercicio da tolerancia sendo ela mesma respectuosa con tódalas crenzas relixiosas ou ateas, cos idearios democráticos e coa diversidade étnica, social, sexual ou de capacidades.

Con estas bases os nenos e nenas poderán aprender a escoitar, a valorar ós seus compañeiros e a aceptar as normas para unha boa convivencia.

3º RESPONSABILIDADE:

É responsable a persoa capaz de responder das súas accións e conductas.

É preciso que os nenos e nenas teñan certas obrigacións desde pequenos, adecuadas ó seu nivel, que os capaciten para chegar a ser autorresponsables. Trátase de motivalos cara o cumprimento do deber, de esixirlles responsabilidades en pequenas tarefas, de valorar o traballo ben feito, ou de conseguir hábitos de puntualidade e orde.

Resulta importante que as ordes sexan moi claras, insistir cada día no que queremos lograr, que exista unha gran coherencia no que se di e no que se fai; e, sobre todo, que os alumnos teñan un modelo próximo e amable, co que lle resulte fácil identificarse.

4º COOPERACIÓN:

Cooperar é colaborar uns cos outros para acadar un mesmo obxectivo. Se non existira esta colaboración, non sería posible a convivencia.

O colexio é o lugar ideal para fomentar a cooperación, xa que a través da relación cos compañeiros foméntase esta aprendizaxe. Os nenos e nenas aprenden a saír de si mesmos e a coñecer os gustos dos demais; aprenden a valorar todo o que reciben dos outros, a desenvolver e fortalecer o hábito da xenerosidade, a potenciar o traballo compartido, a participar en xogos colectivos e resolver conflitos de forma pacífica.

2/ LIÑA METODOLÓXICA

Para establecer os principios básicos que orienten na adopción dunha metodoloxía, téñase en conta que toda situación de aprendizaxe está sometida a un gran número de variables: idade do alumno, heteroxeneidade da clase, os coñecementos previos, o grao de motivación, a experiencia e personalidade do profesorado, os recursos de que se dispón, etc. Polo tanto máis que marcar unha liña metodolóxica estricta e ríxida no CEIP VIDAL PORTELA buscarase o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos, xa que estes non son mellores ou peores de forma absoluta, senón en función do axuste que conseguen na intervención pedagóxica co alumnado. Aquí só se establecen, pois, uns principios xerais que sirvan de referencia na elección metodolóxica do docente, así pois:

- Buscarase un enfoque metodolóxico **INTEGRADOR**, que propicie a utilización duns métodos ou outros en función das diferentes necesidades que as variables escolares presenten.
- Avógase pola metodoloxía **CONSTRUCTIVISTA** coa que a actividade do alumno é un factor decisivo na súa aprendizaxe. É el quen modifica e reelabora os esquemas de coñecemento construíndo a súa propia experiencia de contidos a partir do que xa sabe. O profesor actúa como guía ou mediador facilitando a construción de aprendizaxes significativas que permiten establecer relacións entre os coñecementos previos e os novos contidos, que serán incorporados á estrutura cognitiva dos alumnos.

A consecución das aprendizaxes significativas poden chegar especialmente a traveso da utilización de métodos de carácter **INDUCTIVO** que, partindo de feitos e realidades concretas próximas á experiencia dos nenos e nenas, axuden a conformar leis xerais partindo da constatación e manipulación dos feitos observables; e en ocasións, por medio de métodos **DEDUCTIVOS** que, seguindo o proceso mental inverso, tamén pode favorecer a intervención activa do alumnado na construción do seu propio coñecemento.

- Aplicándose métodos **PARTICIPATIVOS** concédese especial relevo ás actividades grupais, á planificación e execución das tarefas en grupo, á toma de decisións en conxunto, etc.. Favorécese a cooperación, o intercambio e confrontación de opinións e o talante non discriminatorio.
- É necesaria unha metodoloxía **ACTIVA** para fomentar no alumnado unha actitude de curiosidade, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, provoque a reflexión e a extracción de conclusións, chegando á confrontación dos contidos traballados coas implicacións sociais e o contraste coa realidade, converténdose na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes.
- Respectando sempre as opcións individuais e sen pretender homoxeneizar, é importante discutir e **COORDINAR** as distintas formas de traballo ou enfoques didácticos que mellores resultados ofrezan. Un factor básico para a coherencia da actuación docente é a existencia de criterios comúns nos procedementos, nos materiais e na forma de utilizalos.
- A **MOTIVACIÓN** debe ser outro elemento básico nas nosas aulas. En xeral o material obxecto de estudo debe relacionarse coas necesidades percibidas polo alumnado, pois só aquel material que centra o seu interese poderá ser incorporado á súa estrutura cognitiva.
- A vida do noso alumnado, dentro e fóra da escola, será o punto de partida das nosas actividades docentes. O proceso de ensino-aprendizaxe inserirase sempre tendo en conta o **CONTEXTO** persoal, familiar, cultural e social dos alumnos; así coma no contexto do propio centro e da comunidade educativa.

3/ EXPERIENCIA DE APRENDIZAXE

Un traballo eficaz require que os equipos docentes realicen unha preparación e unha planificación axeitada de tódalas súas tarefas, de xeito que as clases se convertan realmente nunha experiencia de aprendizaxe na que os alumnos se propoñan e cheguen a aprender a pensar e a aprender a aprender, desenvolvendo tódalas súas capacidades intelectuais mediante unha participación activa en tódalas áreas escolares e mediante unha consideración reflexiva de esa experiencia de aprendizaxe que lles permita integrala significativamente nas súas estruturas cognitivas.

Dentro desta planificación é moi importante que o profesorado teña sempre en conta a variedade de contidos, os conceptos previos e os diferentes estilos de aprendizaxe, así coma as

deficiencias dos nenos e nenas menos preparados e de aqueles con necesidades educativas especiais, co obxecto de atender ós distintos ritmos de aprendizaxe desenvolvendo estratexias diferentes que contemplan a diversidade académica do alumnado e as súas características individuais. Polo tanto será necesario aplicar, segundo proceda, aquelas medidas de integración que se consideren axeitadas, entre elas o reforzo educativo ou a adaptación curricular.

4/ AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE

A avaliación do proceso ensino-aprendizaxe tratará de valorar, mediante diversas formas e instrumentos, non só os aspectos intelectuais, senón que tamén o nivel de maduración e os dominios afectivos e actitudinais para, en última instancia, axudar ós alumnos e alumnas na súa propia autoavaliación e poidan conformar así esquemas persoais válidos para o seu propio futuro. Dentro do proceso de ensino-aprendizaxe a avaliación é un aspecto fundamental que nos informa do grao de eficacia que estamos obtendo en tódolos elementos e factores dos que está conformado tal proceso, resultando ser un mecanismo dinámico que facilita a toma de decisións correctoras dentro do esforzo por mellorar a calidade do ensino.

Esta avaliación concíbese coma un procedemento continuado, onde se deben incluír tódolos elementos do desenvolvemento educativo: alumnos, profesores, obxectivos, contidos, metodoloxía, medios materiais e organizativos do centro,...

Contéplase pois a avaliación coma un proceso dinámico de toma de decisións no que se distinguen catro momentos:

1. A definición precisa das características e obxectivos da avaliación.
2. Obtención da información, recollendo os datos axeitados.
3. Valoración da mesma, emitindo xuízos de valor sobre eses datos, de acordo con algunha referencia.
4. Intervención educativa. Baseándose nos referidos datos, tomar as decisións oportunas de entre as alternativas ou posibilidades de acción dispoñibles

E a súa posta en práctica realízase tamén seguindo tres pasos:

1. Analizando e valorando o papel de tódolos elementos que interveñen no proceso educativo para permitir axustar a axuda pedagóxica ás características individuais dos nosos alumnos e alumnas.

2. Determinando o grao no que se conseguiron as intencións iniciais do proceso educativo e detectando a aparición de posibles resultados non previstos inicialmente.
3. Levando toda esta información recollida ás diferentes persoas que interveñen directa ou indirectamente neste proceso.

Polo tanto o noso proceso de avaliación tratará de:

- Regular o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Modificar, cando sexa necesario, as estratexias de actuación desempeñadas polo profesorado.
- Introducir mecanismos de corrección nos procesos educativos.
- Axudar ós alumnos a identificar as formas de aprender que prefiren.
- Programar plans concretos de reforzo para alumnos ou grupos de alumnos que os requiran.
- Determinar accións titoras.
- Diseñar formas de colaboración cos pais.
- Contribuír ó desenvolvemento de pautas de traballo e condutas positivas.
- Desenvolver destrezas de autoavaliación.

• **LINGUAS DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE**

Conforme ás disposicións vixentes, a lingua oficial do Colexio a nivel administrativo e de relación entre os seus membros e coa comunidade deberá ser, con carácter xeral, o galego; sen discriminar a ningún polo uso da lingua que empregue.

Tendo en conta a regulamentación legal, e as condicións lingüísticas do entorno cun escaso compoñente de galegofalantes , o CEIP VIDAL PORTELA, debendo integrar ós nenos e nenas na realidade social galega, tratará de conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais da Comunidade.

Co fin de encamiñar estas consideracións sobre a lingua, o Centro terá instituído un Equipo de Normalización Lingüística e desenvolverá na Programación Xeral Anual a ordenación do ensino en lingua galega, dependendo do dominio lingüístico do alumnado e partindo dos mínimos establecidos nos decretos 247/95 e 66/97 polos que se desenvolve a lei 3/1983 de normalización lingüística.

- **UNHA COMUNIDADE EDUCADORA**

A educación é unha tarefa conxunta e compartida polas diversas persoas que participan nela, é dicir, por toda a comunidade educativa. Neste senso impulsarase desde o Colexio a participación, a cooperación e a corresponsabilidade de pais e nais co profesorado co fin de acadar mellor as metas propostas. Fomentarase a súa implicación na vida do centro, non só ó traveso da súa representación de acordo coa lexislación vixente, senón que tamén mediante a relación cos titores e o profesorado nos actos académicos, nas actividades extraescolares e, en xeral, mediante un trato e unhas relacións persoais que alenten actitudes de colaboración e participación. Así mesmo, fomentarase a intervención do alumnado naquelas parcelas de decisión que lles permitan sentirse partícipes do seu proceso educativo.

- **AUTOAVALIACIÓN**

A implantación do novo sistema educativo recollido na LOE implica adoptar novos enfoques en determinadas actuacións educativas. Un dos cambios máis fondos é o establecido na concepción e práctica da avaliación. Coa nova dimensión que acada o ensino xa non só se avalía ó alumnado, pois, buscando mellorar a súa calidade, deberán valorarse tódolos aspectos implicados no proceso ensino-aprendizaxe. Por conseguinte O CEIP VIDAL PORTELA adopta o mecanismo de avaliación interna ou autoavaliación co fin de diagnosticar posibles deficiencias e artellar medidas correctoras.

Esta avaliación interna é un proceso autorregulador que leva á reflexión, xa persoal ou colectiva, sobre a propia práctica docente co fin de mellorar os obxectivos propostos; sendo moi importante en dito proceso compartir esa reflexión, que se exercerá con autonomía para pensar, explorar, propor, verificar, e corrixir as deficiencias atopadas; de xeito que se propicie, sempre que se considere oportuno, un cambio significativo orientado a mellorar a organización e a calidade do centro.

A autoavaliación é unha práctica xa común entre o profesorado, aínda que realizada de xeito informal, intuitiva e non visible. Preténdese agora facela explícita e sistemática, tendo en conta que non se trata da antiga visión “inspectora”; senón dunha “colexiada”, autónoma e reflexiva, que nos propicie un control sobre a nosa práctica.

• **OPCIONES PEDAGÓGICAS E DE ORGANIZACIÓN**

1/ ORGANIZACIÓN ESCOLAR

Toda acción educativa, na que o profesor actúa de guía, mediador e motivador, seguirá un proceso desenvolvido en tres fases:

1.- PLANIFICACIÓN: Partindo do curriculum, os obxectivos vanse especificando de xeito articulado entre os distintos niveis de concreción; mantendo a coherencia entre as finalidades do Proxecto Educativo de Centro e os obxectivos xerais recollidos para as diferentes etapas, áreas e ciclos do Proxecto Curricular, ata formular os obxectivos de aprendizaxe nas programacións de aula.

2.- ENSINO-APRENDIZAXE: Na que a planificación está suxeita a unha continua revisión metodolóxica dependendo das variables e circunstancias que concorran en cada momento.

3.- AVALIACIÓN: Inherente esta ó proceso de ensino-aprendizaxe, terá un enfoque formativo ó longo de todo o proceso; pero computando tamén os logros acadados para adoptar tomas de decisión axeitadas para o alumnado.

A Xefa de Estudos, os Coordinadores de Ciclo, as especialistas de P.T. e A.L. e a coordinadora de Normalización Lingüística dentro do ámbito da Comisión de Coordinación Pedagóxica e baixo a supervisión da Dirección do Centro han ser os responsables do seguimento e mellora da dimensión e aspectos académicos.

En ben da calidade do ensino e desde a mesma Comisión de Coordinación Pedagóxica alentarase á formación pedagóxica e ó traballo en equipo, propiciándose a innovación educativa en pro dunha idea e duns fins comúns.

2/ ACCIÓN TITORA E ORIENTADORA

A acción titora exercida polo profesor-titor, ó traveso dunha atención personalizada e mantendo unha comunicación fluída cos pais dos nenos, é primordial na formación e no proceso madurativo do alumnado, especialmente con aqueles nenos e nenas menos dotados, e cos que presentan problemas de integración ou de tipo sociocultural.

O titor debe estimar non só o rendemento académico, tamén os aspectos humanos, as súas necesidades e os seus intereses persoais; procurando a colaboración, a convivencia e o traballo en equipo entre tódolos alumnos.

Dispor dun Departamento de Orientación, como é o caso deste Colexio, potencia a eficacia que pode reportar un bo exercicio titor.

3/ ACCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA E EXTRAESCOLAR

As actividades complementarias e extraescolares enténdense como esenciais para axudar á formación académica e cultural dos alumnos, así coma para fomentar e fortalecer as súas actitudes e a educación en valores. Todo elo mediante o desenvolvemento da súa sensibilidade, afeccións e inquedanzas artísticas e culturais; a promoción de actitudes para a convivencia, o respecto, a colaboración, a igualdade e a solidariedade; a valoración e respecto polo entorno e a natureza; a estimación polo deporte e a saúde, etc.

Por todo elo, manténdose na liña dos principios establecidos neste mesmo proxecto, o centro alentará, promoverá, apoiará e organizará actividades de tipo lúdico e recreativo, artístico, cultural e deportivo, correndo a súa organización e avaliación a cargo dun coordinador de actividades complementarias e extraescolares, sen perxuízo das iniciativas das asociacións de nais e pais de alumnos encamiñadas a complementar a formación do alumnado.

C/ FINALIDADES EDUCATIVAS E OBXECTIVOS XERAIS

• ÁMBITO PEDAGÓXICO

1/ RELATIVOS ÓS CONCEPTOS.

O CEIP VIDAL PORTELA, sen perxuízo da atención debida ás capacidades e obxectivos redactados nos artigos 5º e 6º do Decreto 245/1992, polo que se establece o currículo da Educación Primaria, e asumindo a educación como a formación integral de tódolos seus alumnos e alumnas, proponse formalos e instruílos axeitadamente nos fundamentos procedimentais, así coma nos contidos básicos das culturas galega e española no que atinxe ós seus entornos xeográficos, históricos e literarios; co fin de capacitalos para completar con éxito as seguintes etapas educativas; e, sobre todo, para formar nenos e nenas cun bo nivel cultural e de coñecemento.

Atenderase á diversidade escolar, tendo en conta as diferentes capacidades, os diversos estilos de aprendizaxe e os conceptos previos; para recorrer nos casos que se precise ás medidas integradoras oportunas, segundo se determine no Regulamento de Réxime Interno.

2/ RELATIVOS ÓS PROCEDEMENTOS

Desenvolver plenamente a personalidade dos alumnos e alumnas, axudándolles a que descubran, coñezan e melloren tanto as súas propias calidades coma o seu potencial físico, psíquico, intelectual, afectivo, ético e social; potenciando así a propia autoconfianza e autoestima. *(Autoestima)*

Fomentar a creatividade mediante o traballo académico e as actividades extraescolares e culturais, tanto para enfrontarse e resolver novos problemas, como para a expresión e desenvolvemento da súa sensibilidade.

Procurar experiencias de aprendizaxe que favorezan no alumnado a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, desenvolvendo as súas capacidades de atención, memorización, comprensión, expresión e creatividade. *(Responsabilidade)*

Fomentar o traballo en equipo e a participación na aula co que ademais os nenos e nenas aprenderán a aceptar as regras e normas democraticamente establecidas e tamén a respectar os puntos de vista distintos do propio. *(Cooperación e tolerancia)*

Ensinarlles a que planifiquen por si mesmo as tarefas escolares, sabendo o qué deben facer, cómo, ónde e cándo. Isto é, organizar o traballo nun tempo e lugar axeitados. *(Responsabilidade)*

Fomentar a capacidade de observación, análise e reflexión e, consecuentemente, a de crítica e de decisión.

Incentivar a capacidade de relacionar novos conceptos coas experiencias xa vividas. *(Ensino significativo)*

3/ RELATIVOS ÁS ACTITUDES E VALORES

Lograr a aceptación da propia identidade. *(Autoestima)*

Conseguir que os alumnos valoren a ledicia e a amizade coma necesarias para a relación humana. *(Cooperación)*

Lograr que os nosos alumnos e alumnas sexan abertos e dialogantes, facéndolles sentir a necesidade dos demais, fuxindo da autosuficiencia. *(Cooperación)*

Inculcar no alumnado actitudes democráticas de tolerancia e mutuo respecto, atendendo a diferentes planos da diversidade social, de tal xeito que:

- coñeza e respecte as formas e valores doutras culturas, partindo do interese pola propia terra; coñecendo, interiorizando e sabendo apreciar a súa cultura, tradicións e valores, aprenderá a apreciar e respectar as peculiaridades doutros pobos.

- aprenda a vivir cos demais compañeiros e compañeiras sexan do nivel social que sexan. Deberán quereiros e respectalos, rexeitando a violencia e compartindo con eles as ledicias e ansiedades.
- recoñeza a sexualidade propia e allea coma elementos diferenciais e non de desigualdade, complementarios e non contrapostos, e que comprenda que a súa convivencia enriquece o desenvolvemento do individuo.
- aprenda a convivir nun grupo social constituído por nenos e nenas con características físicas e psíquicas desiguais, coma reflexo da diversidade social, e que a tolerancia, a solidariedade e a cooperación cos inválidos, cos “diferentes”, son necesarias e positivas. *(Tolerancia)*

Fomentar o desexo e a ansia de saber e aprender. Facer que consideren responsablemente a importancia do esforzo, do traballo e do estudo para que, mediante as diversas áreas e disciplinas, vaian madurando coma persoas formadas intelectualmente, á vez que responsables e sensibles ante os compromisos propios e os sociais. *(Responsabilidade)*

Inculcar nos nenos e nenas actitudes que propicien no futuro a participación activa na vida social e cultural, de xeito especial no que atinxe ás necesidades e intereses do seu entorno, formando deste xeito persoas implicadas no progreso e mellora do lugar ó que pertencen; pero sen desatender a problemática de lugares desfavorecidos. *(Cooperación)*

Estimular o interese polo coñecemento, pola conservación e goce do medio ambiente e polo patrimonio cultural.

Desenvolver, en definitiva, unha educación que permita fomentar no alumnado actitudes e valores de solidariedade e compañeirismo, de pacifismo, de autodisciplina e control, de respecto ós demais e de corrección no trato.

4/ RELATIVOS Á OPCIÓN METODOLÓXICA

Procurar un proceso de ensino-aprendizaxe inmerso no seu propio contexto: persoal, familiar cultural e social; dentro sempre tamén do contexto do Colexio e da comunidade educativa a que pertencen.

Os métodos de ensino-aprendizaxe serán predominantemente activos e creativos, de xeito que o alumnado se sinta protagonista e responsable da súa propia formación.

Desenvolverase unha educación na que predomine o aspecto formativo sobre o informativo, favorecendo ó tempo o diálogo e a convivencia.

Pretenderase unha educación na que non sexa a imposición, senón a orientación, a que permita desenvolver plenamente tódalas capacidades do alumnado e canto de positivo encerra a súa persoa.

Avaliar e valorar mediante formas diversas non só os aspectos cognitivos e puramente académicos, senón que tamén o seu nivel de maduración, as súas actitudes e a súa capacidade de pensamento e reflexión; co obxecto, así mesmo, de que sexan capaces de facer a súa propia autoavaliación e de chegar a conformar esquemas persoais válidos que lles permitan afrontar no futuro situacións análogas.

• **ÁMBITO INSTITUCIONAL**

1/ DE PROYECCIÓN INTERNA

Sen prexuízo doutros mecanismos ou procedementos educativos, potenciarase o diálogo e a reflexión ante actitudes de indisciplina.

Potenciar o traballo en equipo tanto por parte do alumnado coma do profesorado.

Estimular a participación e o compromiso co funcionamento do centro.

Desenvolver e utilizar instrumentos eficaces para a comunicación interna e externa.

Crear un ambiente de traballo que favoreza o diálogo, a comprensión, o compañeirismo e o intercambio de ideas e experiencias.

Levar a cabo un proxecto de convivencia que teña presente que:

- . A convivencia non se basea na capacidade de sancionar duns poucos, senón no diálogo e na corresponsabilidade de todos.
- . Precísase dunha avaliación constante dos aspectos organizativos da vida escolar que incidan na convivencia, de tal xeito que vaian xurdindo alternativas para melloralos.
- . Facilitar a información que favoreza o coñecemento do entorno próximo ó Colexio para posibilitar unha actuación de acordo co mesmo.

2/ DE PROYECCIÓN EXTERNA

Estimular a participación activa dos pais na vida escolar ó traveso do Consello Escolar, ANPA, comisións, conmemoracións, ou calisquera outro procedemento que se preste a elo.

Proporcionar información ós pais e nais para un mellor coñecemento das características psicolóxicas e intereses dos seus fillos nas distintas etapas.

Favorecer a participación e asistencia de tódolos pais e nais a reunións informativas e de traballo.

Potenciar o diálogo coa ANPA procurando a súa colaboración nas actividades extraescolares, e nas suxestións e melloras de diversos aspectos do Colexio.

Procurar que os pais - nais comprendan a necesidade de potenciar, diante dos nenos e nenas, a tarefa educativa e o labor do profesorado.

Ter presente que a acción educativa é máis positiva se toda a comunidade se sente protagonista.

3/ DE ORGANIZACIÓN E CONVIVENCIA

Fomentar hábitos democráticos e establecer vías de participación dentro da organización e goberno do centro, así coma métodos de información e consulta a cada estamento da comunidade educativa cando as circunstancias o requiran.

Establecer e manter unhas relacións interpersoais cordiais entre tódolos membros que compoñen a comunidade escolar (profesorado, pais-nais, traballadores non docentes e alumnado), fomentando o respecto ós demais, coas súas afinidades e diferencias, e o diálogo constructivo entre todos; procurando sempre chegar a un consenso entre tódolos elementos da comunidade educativa e dentro de cada estamento.

4/ DE FORMACIÓN PERMANENTE

Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación, na creación de equipos de traballo, seminarios,...

Fomentar os proxectos que tendan á investigación e innovación en todo o campo educativo.

D/ ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Dentro dunha liña de participación democrática, que debe ser o fío conductor da marcha do centro, as estruturas organizativas coas que estará dotado axudarán a facer un labor máis efectivo ante o propósito de acadar os obxectivos sinalados no apartado Finalidades educativas e obxectivos xerais do centro. Nestas estruturas o reparto de competencias non suporá unha organización xerarquizada nin piramidal.

Baseándose nos preceptos legais vixentes (especialmente o Decreto 374/1996 e a Orde do 22 de xullo de 1997, que regulan a organización e funcionamento dos colexios de educación infantil e primaria e onde se expoñen os ámbitos de actuación e competencias dos órganos de goberno), para a xestión do centro, establécense dous tipos de órganos de goberno e de participación: os unipersoais e os colexiados; así coma os de coordinación docente e as asociacións de nais e pais de alumnos. Para establecer o sistema de elección e nomeamento, así coma as competencias que teñan asignadas, remitirémonos sempre ó Decreto e Orde referidos.

• ÓRGANOS UNIPERSOAIS

DIRECTOR

Representa oficialmente á administración educativa no centro e ó centro ante a sociedade. Coordina tódalas súas actividades cara a consecución do proxecto educativo de acordo coas disposicións vixentes.

XEFE DE ESTUDIOS

Exerce a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico, coordinando e velando pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

SECRETARIO

Correspóndelle o réxime administrativo do centro, expedindo ou custodiando a documentación precisa e exerce coma secretario dos órganos colexiados.

COORDINADOR DE CICLO

Dirixe e coordina os obxectivos, a metodoloxía e as actividades académicas do equipo de ciclo. Convoca e preside as súas reunións levantando acta das mesmas e elevando á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas polo equipo de ciclo.

PROFESOR-TITOR

Está ó cargo dun grupo de nenos máis ou menos homoxéneo, sendo o responsable directo da súa aprendizaxe e avaliación.

É clave a actuación do profesor-titor, e partirá duns presupostos de autonomía e autoridade nas súas funcións; pero sempre dentro dunha imprescindible coordinación cos demais membros implicados no proceso docente, e coa necesaria participación dos pais.

• ÓRGANOS COLEXIADOS

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano a través do que participan na xestión do centro os distintos sectores da comunidade escolar e está integrado polo director como presidente, o xefe de estudos, un representante do concello, cinco mestres, cinco representantes dos pais de alumnos e o secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

Co fin de organizar os ingresos e gastos do centro, existirá unha comisión económica dentro do consello escolar, integrada por un membro do sector de pais, outro do dos profesores e presidida polo director.

Poderán constituírse, ademais, outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, a lo menos, un mestre e un pai de alumno.

CLAUSTRO DE PROFESORES

Formado pola totalidade dos profesores que prestan servizo no centro, é o órgano propio de participación do profesorado no seu goberno, proponendo todo tipo de iniciativas tendentes a mellorar o funcionamento en calquera dos seus aspectos e coa responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos educativos e docentes.

• **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

Integrada polo director, a xefa de estudos, os coordinadores de ciclo, a xefa do departamento de orientación, especialistas de P.T. e A.L. e o coordinador do equipo de normalización lingüística. É o principal órgano de coordinación do centro tanto pedagóxica coma funcionalmente, debendo pasar por él a maioría das accións ou decisións escolares, de tal xeito que se propicie ó máximo a unidade de acción que o colectivo educativo precisa.

EQUIPOS DE CICLO

Agrupa a tódolos mestres que imparten docencia nun mesmo ciclo, propiciando a coordinación dentro dun mesmo nivel e entre niveis diferentes, tanto para a consecución dun mellor rendemento educativo, como para unha efectiva realización da programación xeral anual.

Ó estar integrados na comisión de coordinación pedagóxica, as decisións e os obxectivos planificados por esta son operativos ó seu traveso; por outra parte as iniciativas e propostas dos equipos poden ser analizadas e desenvolvidas dentro da comisión de coordinación pedagóxica.

EQUIPOS DOCENTES DE CLASE

Integrados polos profesores que imparten clase a un mesmo grupo de alumnos e coordinados polo titor correspondente, realizarán funcións como as de avaliar ós alumnos do grupo de forma colexiada ou confeccionar adaptacións curriculares, se fora preciso.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A súa función é facilitar os procesos de ensino e aprendizaxe, a atención á diversidade, a prevención e seguimento de dificultades persoais ou de aprendizaxe, e a acción titora do profesorado. Actúa ó traveso de programas de intervención (preferentemente preventivos) dirixidos a alumnado, profesorado e familias.

Os seus membros son:

- O xefe do departamento
- Os coordinadores de ciclo

- O profesorado de apoio (especialista en pedagogía terapéutica e especialista en audición e linguaxe)

Este departamento de orientación non ten outros centros adscritos, pero pertence ó departamento do I.E.S. de Xunqueira II.

Profesorado de apoio

A función do profesorado de apoio é prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais, baixo as directrices do departamento de orientación. Tamén colabora na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, coordina a educación e a estancia no centro de alumnado inválido, e orienta ó profesorado que imparta docencia ós nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

A atención da profesora de apoio realizarase na aula ordinaria ou ben na propia aula de apoio, segundo as necesidades de cada caso. En todo caso, as súas intervencións virán precedidas da avaliación psicopedagóxica e do plan de intervención, realizados pola xefa do departamento de orientación.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Integrado por un profesor de cada ciclo e poden incorporarse en ocasións outros membros da comunidade escolar. De entre os seus membros elixirase un coordinador. Terá como fin potenciar o uso da lingua galega.

O desenvolvemento de Normalización Lingüística tódolos anos sofre unha adaptación segundo os alumnos a que vai referida, pois cada curso realízase un proxecto lingüístico que aparecerá reflitado no P.X.A. e presentado á Inspección.

O equipo de Normalización Lingüística levará a cabo unha serie de actividades que pretenden:

- buscar a competencia na fala e na expresión escrita nas actividades académicas, tanto nas aulas como nas relacións entre mestres, alumnos e demais membros da comunidade educativa
- coñecer e facer consciente a pertenza á lingua galega como signo de identidade de comunicación e integración doutras culturas que conviven no centro
- fomentar o uso do galego para lograr a equiparación entre as dúas linguas oficiais de Galicia.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

É o que se encarga de promover, organizar e facilitar calquera actividade de carácter complementario ou extraescolar. Terá unha xefa que actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

COMISIONS

Poderán crearse tantas como se precise e terán como fin facilitar a organización do centro e potenciar os valores educativos e formativos, en procura sempre de mellorar a calidade do ensino, a orientación escolar ou o perfeccionamento do profesorado.

• ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

Son órganos de participación dos pais na vida recreativa e cultural do centro, así coma na súa marcha, podendo elevar propostas tanto ó consello escolar coma ó equipo directivo, así coma recibir información a través dos seus representantes no consello escolar.

EPÍLOGO

Todo este enramado de órganos de xestión, goberno e coordinación, representado no organigrama que segue a este apartado, non pretende outra cousa que a formación integral dos nenos e nenas e, sendo conscientes de que non é soamente obra do profesorado, é polo que tamén se buscará ó traveso deles a participación dos pais dos alumnos, para que, xuntamente co profesorado e a súa experiencia, se poida conseguir dito obxectivo.

Ademais da integración dos pais e nais a través das ANPAs ou do consello escolar, o centro, que sempre debe permanecer aberto ó seu entorno, propiciará canles de participación cos servizos públicos próximos, como é o caso do servizo de educación do Concello de Pontevedra. Serán concretadas no Regulamento de Réxime Interno, buscando o mellor xeito de compartir recursos ou de participar en actividades culturais.

No P.X.A. concretarase de qué xeito se organizara as competencias entre os diferentes membros da estrutura organizativa, para acadar as finalidades propostas. Establecerase o conxunto de regras, normas e procedementos que determinen cómo se realizarán as funcións das diferentes unidades organizativas e exporanse os dereitos e deberes de cada un dos sectores da comunidade educativa, co fin de facilitar a convivencia e fortalecer a disciplina.

ORGANIGRAMA ESCOLAR DO CEIP VIDAL PORTELA.

